

**¿Se che asignan un avogado/a gratuíto, podes cambiar por outro/a da túa confianza?**

No caso de que renunciés ó/á avogado/a designado/a, **correrán pola túa conta os gastos** do/a avogado/a que elixas, así como os gastos de procurador/a e os demais gastos do proceso, pois enténdese que renunciaches a todas as prestacións que conforman a asistencia xurídica gratuíta.

Ademais é importante recordar que o beneficio de xustiza gratuíta se concede para iniciar as actuacións xudiciais, polo que no caso de comezar cun avogado/a particular, non se concederá o beneficio con posterioridade, aínda que non se teñan recursos económicos suficientes, salvo que a carencia de ingresos sexa sobrevida despois do comezo do procedemento.

**Colexio de Avogados da Coruña**

Rúa Francisco Tapia, 11 , baixo  
Telf. 981 12 60 90  
[www.icacor.es](http://www.icacor.es)

**Colexio de Avogados de Ferrol**

Rúa Coruña, s/n  
Telf. 981 35 47 05  
[www.icaferrol.es](http://www.icaferrol.es)

**Colexio de Avogados de Lugo**

Rúa Pascual Veiga, 2  
Telf. 982 24 10 07  
[www.icalugo.org](http://www.icalugo.org)

**Colexio de Avogados de Ourense**

Rúa do Concello, 22  
Telf. 988 21 00 76  
[www.icaourense.es](http://www.icaourense.es)

**Colexio de Avogados de Pontevedra**


Rúa Reina Victoria nº 9  
Telf. 986 89 68 66  
[www.icapontevedra.es](http://www.icapontevedra.es)

**Colexio de Avogados de Santiago de Compostela**


Rúa Eduardo Pondal 4, Baixo  
Telf. 981 58 17 13  
[www.icasantiago.org](http://www.icasantiago.org)

**Colexio de Avogados de Vigo**

Pza. América, Portal Oficinas, 2, 1º  
Telf. 986 20 82 00  
[www.icavigo.org](http://www.icavigo.org)



**Asistencia Xurídica  
Gratuíta e Violencia de  
Xénero**



**Se es vítima de violencia de xénero, estás pensando en denunciar o teu agresor, pero non tes cartos para os gastos do proceso... Aquí tes a información que precisas para saber máis sobre a asistencia xurídica gratuíta.**

### **¿Que é a Asistencia Xurídica Gratuíta?**

É un dereito que teñen as persoas que carecen de recursos económicos suficientes para litigar nun xuízo. Consiste en **non ter que pagar os gastos derivados do proceso**, tanto os de asesoramento previo, como os honorarios de avogados/as, procuradores e peritos, as taxas, costas procesuais....

**As mulleres vítimas de violencia de xénero** teñen dereito a asistencia xurídica inmediata e con profesionais especialistas nesta materia, existe un réxime de gardas de 24 hs en todos os colexios de avogados.

Nos Centros de Información á Muller (CIM) ou nos Servizos Sociais que hai nos concellos facilitanche información, apoio e asesoramento específico. Tamén en cada un dos colexios de avogados de Galicia (contactos ao final deste díptico).

### **¿Quen ten dereito á asistencia xurídica gratuíta?**

Teñen dereito os e as cidadáns españois, os nacionais dos outros Estados membros da Unión Europea e as persoas estranxeiras que residan legalmente en España, sempre que acrediten a **insuficiencia de recursos económicos**, é dicir, cando os ingresos anuais da unidade familiar non superen o **dobro do IPREM** vixente no momento de facer a solicitude de asistencia xurídica gratuíta. O IPREM en 2012 é de 7.455,14 euros/ano (532,51 euros/mes).

**As mulleres estranxeiras que non residan legalmente en España** terán dereito á asistencia xurídica gratuíta, cando acrediten a insuficiencia de recursos económicos, en todos os procedementos penais (por exemplo de violencia de xénero) e nos procedementos sobre denegación de entrada, devolución ou expulsión do territorio español e protección internacional.

Nos casos en que unha muller pretenda iniciar un procedemento de separación ou divorcio, e tamén nos procedementos de violencia de xénero, só computan os ingresos dela.

### **¿Onde se solicita a asistencia xurídica gratuíta?**

Nos **colexios de avogados**, persoalmente ou por correo postal.

A solicitude terá que presentala no Colexio de Avogados respectivo ao Xulgado que teña que coñecer do teu proceso, ou ante o Xulgado Decano do teu domicilio. Neste último caso o órgano xudicial enviará a túa petición ao Colexio de Avogados correspondente.

### **¿Como se solicita a asistencia xurídica gratuíta?**

É moi sinxelo solicitar a asistencia xurídica gratuíta. No mesmo Colexio de Avogados informaranche sobre cales son os requisitos e a documentación a presentar, axudándooche a cubrila se o precisas. Tamén podes acudir aos Servizos Sociais do teu Concello, no Centro de Información ás Mulleres máis próximo ao teu domicilio, ou a algunhas asociacións sen ánimo de lucro para informarte. Non esquezas achegar coa solicitude toda a documentación precisa, por exemplo, copia das denuncias formuladas con anterioridade no caso de malos tratos, certificado de matrimonio ou libro de familia no caso de separación ou divorcio, etc.

### **¿En que momento pode solicitarse?**

No mesmo momento de poñer a denuncia na Policía ou no Xulgado, se non tes avogado/a, tes dereito a solicitar que te designen un/unha da quenda de oficio. Se non solicitaches avogado/a de oficio no momento de poñer a denuncia, poderás solicitalo durante o transcurso do procedemento no Xulgado que coñece do teu caso ou no Colexio de Avogados. **Cando non teñas recursos económicos suficientes para pagar ao avogado ou avogada que te asignen, comunícallo, e será él/ela quen tramite a xustiza gratuíta.**

### **¿Canto tempo tarda en resolverse a solicitude de asistencia xurídica gratuíta?**

Un mes aproximadamente.

Enviaranche unha carta ao teu domicilio comunicando a concesión ou denegación da túa petición. A resposta estará en función de que cumpras ou non os requisitos esixidos para a obtención da xustiza gratuíta e de que achegues toda a documentación requirida.

### **¿Que sucede se non che conceden a asistencia xurídica gratuíta, pero xa fuches asistida por avogado/a de oficio?**

Se non che recoñecen o beneficio de asistencia xurídica gratuíta por non cumprir os requisitos esixidos legalmente para a súa concesión estarías obrigada a pagar os honorarios do avogado ou avogada que che foi designada así como os demais gastos do proceso.

### **¿Cal é a extensión do dereito á asistencia xurídica gratuíta?**

A asistencia xurídica gratuíta esténdese a todos os trámites, incidencias e recursos relacionados co procedemento para a que foi concedida, comprende así mesmo a execución da sentenza xudicial durante un prazo de dous anos.

Nos casos de violencia de xénero a asistencia letrada ás vítimas prestará o mesmo avogado ou avogada designado/a desde o inicio ata a finalización do procedemento, abrangendo ademais todos os procesos penais, civís e administrativos que teñan causa na violencia padecida.

